

Adaptación: **PEDRO AZARA**

Ilustracións: **PEP MONTSERRAT**

Interpretación musical: **DROTTHINGHOLM THEATRE ORCHESTRA**
ARNOLD ÖSTMAN

Tradución ao galego: **VITORIA BALLESTEROS**

Libro-disco. Encadernado en cartón

32 páxinas a toda cor. 25x22 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Orfeo e Eurídice". ISBN 978-84-8464-652-5

-Portugués: "Orfeu e Eurídice". ISBN 978-972-8781-79-8

Prezo: 20 €

ORFEO E EURÍDICE

de **CHRISTOPH W. GLUCK**



Cupido, o fillo de Venus, a deusa do amor, viña de anunciarlle a Orfeo que os deuses, emocionados, íanlle permitir volver a atoparse con Eurídice na casa dos mortos...

A historia de amor entre o músico, poeta e filósofo Orfeo e a ninfa Eurídice é unha das máis conmovedoras da mitoloxía grega. Dende a antigüidade clásica, o descenso aos infernos do heroe para rescatar á súa amada serviu de inspiración a contadores de historias e artistas de todo o mundo e todas as épocas.

O compositor Christoph Willibald Gluck (Alemaña, 1714) versionou esta ópera que xa fora interpretada en 1600 por Jacopo Peri e nove anos despois por Claudio Monteverdi. Con ela, Gluck -que escribiu as súas óperas máis importantes en París e Viena- reformou a escea internacional ata o punto de establecer un novo equilibrio entre a música e o drama, ao ter incorporado a traxedia grega a este xénero musical. "Orfeo e Eurídice", con libreto de Raniero de Calzabigi, estreouse en 1762.

A partir do mito e da música de Gluck, Pep Montserrat elabora unhas ilustracións que destacan polo uso do collage e polo predominio das cores vermella e negra, a modo de xogo simbólico entre a paixón e a morte, o Eros e o Thanatos. Pola súa parte, Pedro Azara consegue trasladar as emocións que impregnan o libreto de Calzabigi ás necesidades dos lectores máis novos, sen perder a elegancia do texto orixinal.

Este título súmase á colección de ópera en galego para nenos impulsada por KALANDRAKA en colaboración co selo especializado HIPÓTESI, xunto con "Aida", "A Fruta Máxica", "O barbeiro de Sevilla" e "Porgy & Bess". Contéñen unha adaptación do libreto, ilustracións dalgunhas pasaxes, indicacións ao longo do relato que corresponden coas respectivas pistas no CD de audición, e unha breve biografía do compositor.

PEP MONTSERRAT (Roda de Ter, Barcelona, 1966)

Ilustrador e grafista, estudou na Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos, a Llotja, e na Escola de Arte e Deseño de Eina, en Barcelona. É autor de numerosos álbums infantís, algúns dos cales foron incluídos na Lista de Honra da IBBY e recibiron Premios do Ministerio de Cultura, o Internacional de Cataluña, o da Generalitat de Catalunya, o Premio da Fundación Santa María, ou o Premio Junceda. En 2005 o seu traballo formou parte da Mostra de Ilustradores españois na Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Bolonia (Italia). Tamén exerce como ilustrador para xornais como Avui, La Vanguardia, El País, The Chicago Tribune, The Wall Street Journal ou The New York Times. Ten colaborado coas revistas Que Leer, Woman, Ser Padres, The New Yorker, Harper's Magazine ou Travel&Leisure. Dende 1998 imparte clases na Escola Massana de Barcelona.

PEDRO AZARA (París, 1955)

Arquitecto e mestre de Estética na Escola Técnica Superior de Arquitectura de Barcelona. Foi responsable de exposicións internacionais como 'Casas del alma' e 'La fundación de la ciudad. Mitos y ritos'. É autor dos ensaios titulados 'La Imagen de lo invisible', 'La imagen y el olvido', 'Arquitectos a escena', 'El ojo y la sombra. Una mirada al retrato en Occidente' e 'Castillos en el aire. Mito y arquitectura en Occidente'. Foi becado pola Fundación J. P. Getty de Los Ángeles (1998-1999).

- **Temática:** libro-disco de ópera para nenos
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aspectos destacables:** o tratamento simbólico da cor; contén libreto adaptado, guía de audición e biografía do compositor
- **Aplicacións:** iniciación á ópera, nas súas diversas expresións, como a traxedia clásica; mitoloxía grega; instrumentos musicais; tipos de voz